



Agrupación Deportiva Baixo Miño

Mosteiro, s/n (CEP Pedro Caselles) - 36740 - Tomiño

CIF G36045045 Tfno: 677 777 285 agrudebam@gmail.com

www.agrudebam.es

CAMPO A TRAVÉS EN HORARIO LECTIVO 28 E 29 DE OUTUBRO

Convócase aos centros educativos da nosa zona a participar na proba de campo a través en horario lectivo os próximos días 28 e 29 de outubro, nas instalacións do CEP Pedro Caselles Beltrán, de Tomiño.

Cada centro participará un deses días, en función das súas circunstancias máis favorables.

Procedemento de inscricións.

Haberá que facer dúas cousas:

- Cada centro notificará ao correo agrudebam@gmail.com o día, o número de grupos de cada curso e a cantidade de participantes por grupo. Por exemplo: 28 de outubro/2 grupos de 2º (15-17) e 3 grupos de 4º (20-19-19).
- Na aplicación de Xogade (www.deporteescolargalego.com) creáronse dous eventos, un para o 28 e outro para o 29. Nos dous días haberá todos os niveis. O alumnado deberá estar mutualizado en Xogade e inscrito no evento de Campo a través no día de participación (28 ou 29 de outubro).

Normativa

En todo o momento respectarase o que establece o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO, así como ao establecido nos protocolos dos centros educativos.

Convócase aos niveis de 2ºEP, 4º EP e 2º ESO

Cada centro participará cos seus grupos (exemplo: 2ºA, 2ºB, 4º A, 4ºB...). Cada un dos grupos competirá como unha unidade.

Será imprescindible que a totalidade do alumnado participante estea debidamente mutualizado na aplicación XOGADE, para garantir a súa cobertura polo seguro deportivo.

As carreiras realizaranse sucesivamente, correndo so un grupo en cada serie, e medirase o seu tempo para establecer posteriormente as clasificacións.

Como se puntuará: De cada grupo, tomarase o tempo do 8º clasificado. Se non hai 8, tomarase o tempo do antepenúltimo. Tan pronto como rematen as dúas xornadas, publicarase a clasificación na web.

A orde das carreiras establecerase en función da orde de chegada programada dos transportados, xa que haberá un transporte continuado, que evitará unha concentración excesiva de alumnado no recinto.

Uso da mascarilla: en todo momento manterán a mascarilla posta, incluso durante a carreira. A organización terá reserva de mascarillas para atender necesidades.

Nas instalacións.

A chegada de cada centro, haberá un espazo habilitado para que se concentren alí, sen poder xuntarse con outros colexios. En todo momento manteranse agrupados na súa zona ata que lles toque correr, agás que teñan que ir ao aseo.

Haberá aseos dispoñibles, pero non vestiarios. Por tanto é importante que o alumnado veña xa coa vestimenta deportiva. Os aseos estarán permanentemente mantidos limpos por persoal de limpeza. Os usuarios dos aseos deberán lavar as mans na entrada e na saída.

Avituallamento

Por razóns de organización e sostibilidade, non haberá avituallamento. Recoméndase que traian auga nos seus envase, que poderán reencher no colexio.

En caso de que merenden durante a súa estancia no recinto, os seus profesores responsables velarán para manter as medidas de seguridade.

Transporte.

Haberá que pedir transporte con anterioridade suficiente (na semana anterior). Para iso precisamos que nos facilitedes cada colexio os seguintes datos: cantos viaxeiros serán, dende que hora poderían recollese e ata que hora máxima poderían chegar. Poñemos un exemplo:

| | | |
|--|-----------------------------|---------------------------|
| Data de participación: 28/10 | | |
| Nº de viaxeiros (alumnado e profesorado) | Hora de recollida no centro | Hora de chegada ao centro |
| 60 alumnos/as + 5 Prof | A partir das 9:15 | Ata as 14:00 |

Con estes datos, asignarase horario de transporte procurando que sexa a estancia nas insatacións do Caselles o máis corta posible.

Cada transporte deberá ser rexistrado por parte do profesorado acompañante. E necesario que se teña constancia da ubicación nos asientos, e gardar esa información para facilitarlla, se fora necesario, ao responsable COVID da organización do evento.

Premios

Haberá medallas para os tres primeiros equipos clasificados por categoría (por nivel).

Información

Na nosa web www.agrudebam.es publicaremos máis información sobre este evento.